

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS ECOLÓXICOS DO MAR NO ANO 2023

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Basanta Fernández, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 21 de febreiro de 2022, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 41, do 1 de marzo e, de conformidade co Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

E doutra, D. Francisco López Valladares, en calidade de presidente, e en representación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 22 da Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

Que o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galicia. O CRAEGA, no seu Regulamento de Funcionamento, publicado no DOG de 14 de abril de 2009, prevé coma unha das súas funcións a de difundir o coñecemento e a aplicación dos sistemas de produción ecolóxica e dos produtos ecolóxicos. Sendo a única entidade, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, non será posible promover a concorrência competitiva con outras entidades do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e o CRAEGA están interesados na potenciación do sector da dos produtos ecolóxicos do mar en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das produtos ecolóxicos do mar.

Que no marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización: congreso de acuicultura ecolóxica, identificación dos medios de produción, material publicitario e campaña de promoción, entre outras.

CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector conserveiro e das industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos transformados.

QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o CRAEGA para a coordinación de accións de promoción e mellora da comercialización dos produtos ecolóxicos do mar. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. Congreso de acuicultura ecolóxica

Realizarase un Congreso dun día de duración, previsiblemente na cidade de Santiago de Compostela, onde participarán destacadas figuras europeas, tanto da produción como da certificación de produción acuícola mariña e terrestre. A actividade realizarase previsiblemente nos meses de marzo ou abril de 2023.

2. Identificación de medios de produción en acuicultura ecolóxica

Identificaranse cun cartel promocional os viveiros flotantes localizados nas rías galegas, dedicados ao cultivo de mexillón ecolóxico. O obxectivo é dar visibilidade o sector produtivo de produtos ecolóxicos do mar.

3. Material de promocional

Deseño, elaboración e distribución de material promocional da acuicultura ecolóxica, para promoción da acuicultura ecolóxica de Galicia. Realizaranse preferentemente prendas de vestir para os operadores.

4. Campaña de promoción

Esta actividade ten como finalidade a promoción dos produtos ecolóxicos do mar a través das redes sociais, con actividades con *bloggers* e influenciadores dos produtos ecolóxicos do mar. Trataríase de achegar estes contidos ó público consumidor deste tipo de produtos.

SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a CRAEGA polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 15.02.723B 640.0, código de proxecto 2016 00286 S, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas

públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

A tramitación do expediente é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

As actuacións recollidas no presente convenio (ANEXO A) son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

O CRAEGA empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

O CRAEGA obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, o CRAEGA obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio; así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abranca todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais; deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos as facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada. A documentación acreditativa das actividades descritas no parágrafo primeiro deberá ser presentada á Consellería do Mar antes do 30 de novembro de 2023.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo o CRAEGA responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e polo secretario do CRAEGA. A dita

comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, o CRAEGA atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

Será necesario que durante a execución das diferentes actividades a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que de o seu visto e praxe antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura, no ano 2023 e ata o 30 de novembro de 2023, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do expediente é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio e a un só efecto no lugar e data indicados.

Pola Consellería do Mar

Polo CRAEGA

P.D. Orde do 21/02/2022, DOG núm. 41, do
01/03/2022

O director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

O presidente

Antonio Basanta Fernández

Francisco López Valladares



ANEXO A

CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E O SEU ORZAMENTO GLOBAL

Accións a desenvolver	Aportación Xunta de Galicia	Aportación CRAEGA	Totais
Congreso de Agricultura Ecolóxica	10.000,00 €	15.000,00 €	25.000,00 €
Identificación de medios de produción en acuicultura ecolóxica.	16.000,00 €	7.000,00 €	23.000,00 €
Material promocional	8.000,00 €	4.000,00 €	12.000,00 €
Campaña de promoción	6.000,00 €	14.000,00 €	20.000,00 €
Totais	40.000,00 €	40.000,00 €	80.000,00 €